



Paraíso
entre ríos

PADERNE XUÑO 2017

INFORMACIÓN MUNICIPAL

Mostra do Branco Lexítimo 1 e 2 de xullo

Este primeiro fin de semana de xullo, o **sábado día 1** e o **domingo día 2**, vamos a celebrar a IV edición da "**Mostra do Branco Lexítimo**" no campo de O Telleiro.

Cada ano que pasa, vaise reafirmando esa aposta inicial por un viño que, a estas alturas, está a contar cun importante respaldo por parte dos expertos do mundo da enoloxía, aparecendo destacado nas principais publicacións e acadando as mellores puntuacións en guías editadas a nivel internacional.

Nós, que soubemos apreciar as súas potencialidades, non podemos menos que seguir impulsando este valor xerador de riqueza e carta de presentación do noso Concello; un valor que debe ser orgullo para todos, diferenciándonos por un traballo ben feito e que nos sitúa nunha posición de privilexio en calquera foro no que participe.

A **Mostra** é o noso escaparate; concentra ós adegueiros que loitan por seguir traballando en pro duns caldos de calidade que os diferencian e os fan únicos; concentra a tódolos que están elaborando Branco Lexítimo, uns viños que xa forman parte dunha selección na que están os mellores, que ten a súa orixe en Paderne e, nos que o nome de Paderne, figura na súa tarxeta de identidade.



Eu quero convidaros a compartir estes dous días e, para que os disfrutedes o mellor posible, temos elaborado un amplo programa no que non falta o tradicional concurso de cans, a exhibición hípica, os inchables para nenos, os obradoiros, as catas e moita música popular.

Ademais disto, e como novidade, contamos coa presenza de Moncho Borraxo que ven a dar o pregón, con degustacións gratuítas de mexillóns da ría e callos, realizamos a I Carreira do Branco Lexítimo que vai a traer a Paderne a centos de persoas e moitas outras actividades que podedes consultar no programa.

Motivos para acudir tedes moitos pero, sobre todo e como eixe principal, o orgullo de comprobar como Paderne está destacando por un traballo ben feito.

O voso Alcalde

Día das Letras Galegas

Celebramos o Día das Letras Galegas, o 17 de maio, na praza do Campo da Escola en Insua, Viñas. Carlos Casares foi o autor homenaxeado nesta edición; o Alcalde e o seu Equipo de Goberno presidiron o acto que contou tamén cos sons da Escola de Gaitas San Pantaleón e coas voces do Orfeón Alcoa-Inespal.



O Alcalde recordando a Carlos Casares

Intercambio de experiencias dos GALP

Os membros da Xunta directiva do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte, do que o Alcalde de Paderne é Vicepresidente, realizaron un intercambio de experiencias, o pasado día 5 de maio, co Galp Mariña Ortegal co obxecto de ver o funcionamento doutros GALP galegos e intercambiar, entre todos, ideas para a mellora dos respectivos territorios.

Neste sentido, visitaron empresas do territorio Mariña Ortegal subvencionadas polo seu respectivo Galp modelos de explotación dos produtos da zona.

IV aniversario Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Con motivo da celebración do IV Aniversario da declaración da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, organizáronse actos os días 25 e 26 de maio.

Paderne, un dos concellos pertencentes ó territorio que forma parte da Reserva de Biosfera mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, estivo representado polo Alcalde, en calidade tamén de Vicepresidente desta Reserva de Biosfera.

Paderne sede do Campionato de España Masculino Absoluto de Pitch & Putt

O Campionato Individual Masculino Absoluto celebrouse no Club de Golf de Paderne, en Chedas, Velouzás, os pasados días 20 e 21 de maio contando coa participación de 92 golfistas.

O Alcalde fixo entrega do premio ó 1º clasificado hándicap ó andaluz Pedro Rodríguez Cielos e do premio ó 2º clasificado hándicap ó galego Ramón Baladrón Cabezón.



O Alcalde, co Presidente da Federación Española de Golf de Pitch & Putt, co Presidente do Club de Golf Paderne, coa Xerente, representante da Federación Galega, árbitros e os premiados

Xornadas: "A paisaxe agraria galega e a biodiversidade"

Con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente, o pasado 5 de xuño, o Alcalde e Vicepresidente da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, abriu as xornadas "**A paisaxe galega e a biodiversidade**" que se realizaron no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo congregando a expertos en natureza, agricultura e gandería, profesionais e estudosos nos eidos agropecuario e ambiental, traballadores, técnicos e público interesado por estes temas.

Labores de desbroce

O Concello de Paderne iniciou as labores de limpeza e roza de toda a rede viaria municipal co fin de manter en bo estado os accesos ós distintos núcleos de poboación.

Co principal obxectivo de facilitar o tránsito diario dos veciños polas distintas pistas, este tipo de traballos veñen realizándose tódolos anos intentando controlar a invasión da maleza en determinadas épocas.

Un traballo continuo durante a tempada estival do que tódalas parroquias do termo municipal se ven beneficiadas.

Fomento da empregabilidade

O Concello de Paderne solicitou á Consellería de Economía, emprego e Industria ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, a contratación de persoas desempregadas para os seguintes servizos:

- **Cuadrilla de obras:** Solicitáronse tres peóns a media xornada por un período de seis meses
- **Auxiliares servizos sociais:** Solicitáronse dous auxiliares de axuda no fogar a xornada completa por un período de tres meses.
- **Socorrista:** Solicitáronse a contratación de dous socorristas para dous meses de verán a xornada completa
- **Desbroce de camiños rurais:** Solicitouse un peón forestal a media xornada por un período de seis meses

Senda peonil

A Deputación da Coruña destinará 281.776 euros a mellorar a seguridade na estrada DP-0905 de Betanzos a Paderne. O proxecto incluí a ampliación da vía pola marxe esquerda para lograr unha calzada de sete metros de ancho, beirarrúas de medio metro e unha senda peonil de dous metros que estará separada da estrada mediante un borde de formigón.

Unha obra pola que o Alcalde veu loitando durante moito tempo e que vai a suponer unha considerable mellora para o tránsito dos vecinos.

Sinatura de convenio coa Cruz Vermella

O Alcalde asinou, o pasado día 9 de maio, un convenio de colaboración coa Cruz Vermella de Betanzos co fin de mellorar os servizos que se proporcionan ós veciños de Paderne.

Charlas, recollidas de alimentos ou coberturas en eventos, son algunhas das actuacións que se poderán desenvolver. Estas actuacións realizaranse tamén nos concellos de Abegondo, Aranga, Bergondo, Betanzos, Curtis, Irixoa, Miño, Coirós e Oza-Cesuras.

Segundo pago das actividades de adultos

Están suxeitas a pago as seguintes actividades: INFORMÁTICA – CERÁMICA – MANUALIDADES E PINTURA – BAILES DE SALÓN – PILATES – CORTE E CONFECCIÓN – COCIÑA – COIRO e LABORES.

A actividade de XIMNASIA DE MANTEMENTO é gratuíta.

Custo para as actividades dunha hora á semana			Custo para as actividades de hora e media á semana			Custo para as actividades de dúas horas á semana		
Nº actividades	1ª Cota	Total curso	Nº actividades	1ª Cota	Total curso	Nº actividades	1ª Cota	Total curso
1 actividade	27 €	54 €	1 actividade	30 €	60 €	1 actividade	32 €	64 €
2 actividades	49 €	98 €	2 actividades	55 €	110 €	2 actividades	59 €	118 €
3 actividades	66 €	132 €	3 actividades	75 €	150 €	3 actividades	81 €	162 €

Piscina municipal

O vindeiro día 1 de xullo e ata o 31 de agosto estará en funcionamento a tempada de verán na Piscina Municipal de Paderne co horario de 12:00 a 20:00 horas, **sempre e cando o estado da traída de augas municipal o permita dada a seca que estamos a padecer.**

As persoas que desexen facer uso destas instalacións teñen a posibilidade de:

- Realizar un **abono familiar** (só para empadroados no Concello de Paderne). Utilizando esta opción poden usar as instalacións tódalas persoas que figuren na mesma vivenda no padrón municipal durante toda a tempada.
- Realizar un **abono individual**. Dá dereito ó uso das instalacións durante toda a tempada para o titular do abono.
- Aboar entrada diaria (**entrada infantil – entrada adultos**)

Os titulares de abono teñen dereito a asistir ós cursos de natación.



Programa da Mostra do Branco Lexítimo 2017

Sábado 1 de xullo de 2017

- 12:00 h.- **Apertura da Mostra.** Actuación da **Escola de Gaitas e Baile "San Pantaleón"**
- 13:00 h.- **Degustación: Mexillonada.** Animación a cargo do grupo de Gaitas **"O Castro"** de Miño
- 17:00 h.- Degustación de tes e infusións de Paderne a cargo da empresa **Orballo**
- 17:30 h.- Cata de viños da I.X.P. para a Guía de Viños de Galicia 2018 de **Luís Paadín**
- 18:00 h.- **Concurso de cans** con entrega de trofeos e premios en metálico. Os que desexen inscribir exemplares poden facelo ata ½ hora antes segundo as bases. **Xuíz: Octavio Villazala**
- 18:15 h.- **Demostración de punto de cruz** no stand de **Velouzás** dirixido por **Mª José Pérez Río**
- 18:30 h.- **Demostración de pintura** a realizar polas alumnas dos talleres municipais de **Souto e Paderne** que asistiron a esta actividade durante o curso 2016 - 2017
- 19:00 h.- **Obradoiro de trampas para velutinas** con material reciclado e preparación de atraentes no stand de **José Manuel Souto Becerra**
- 19:00 h.- **Cociñar xogando.** Nenos e nenas de 4 a 12 anos. Hai que apuntarse previamente. Prazas limitadas
- 20:00 h.- Cata popular cos viños das adegas presentes na Mostra a cargo de **Luís Paadín**
- 21:00 h.- Animación a cargo do grupo de Gaitas **"O Castro"** de Miño
- 22:00 h.- **Peche** do recinto feiral

Domingo 2 de xullo de 2017

- 10:00 h.- **Apertura da Mostra.** Saída dos corredores inscritos na **I Carreira Trail do Branco Lexítimo Paderne**
- 11:30 h.- **Nomeamento** dos novos **"Embaixadores do Branco Lexítimo"**. Entrega de pins ós novos Embaixadores. Entrega de medallas ós Embaixadores de 3 anos de antigüidade. Charla de Luís Paadín
- 13:00 h.- Pregón a cargo de **"Moncho Borrajo"**
- 14:00 h.- **Degustación de callos.** Animación con música popular
- 14:30 h.- Entrega de trofeos **I Carreira Trail do Branco Lexítimo Paderne**
- 17:00 h.- Degustación de tes e infusións de Paderne a cargo da empresa **Orballo**
- 18:00 h.- **Exhibición hípica** a cargo dos cabalos da **Finca Regueiral de Velouzás**
- 19:30 h.- **Demostración de encaixe de bolillos** no stand de **Viñas**
- 19:45 h.- Obradoiro para nenos: **"Pisando uva"**. Nenos e nenas de 3 a 12 anos. Hai que apuntarse previamente. Prazas limitadas. Animación con música popular
- 20:00 h.- **Obradoiro de extracción de cera** no stand de **José Manuel Souto Becerra**
- 22:00 h.- **Peche** do recinto coa actuación da **Escola de Gaitas e Baile "San Pantaleón"**

Inscripcións para a participación na **I Carreira Trail do Branco Lexítimo Paderne** na seguinte páxina web:
www.championchipnorte.com - Inchables gratuitos para nenos www.concellodepaderne.com

Mostra do Branco lexítimo Paderne

1 e 2 de xullo 2017

PREGÓN
a cargo de
Moncho Borrajo
Domingo 2
ás 13:00 h

I CARREIRA-TRAIL
do Branco
Lexítimo
Paderne



PROGRAMA:

Sábado
**CONCURSO
DE CANS**

Domingo
**EXHIBICIÓN
HÍPICA**

**E MOITAS OUTRAS
ACTIVIDADES**

Tamén atoparás:


Alimentación
Artesanía
Maquinaria comercial
Cata popular
Degustación
de produtos
de Paderne

Organiza



Concello de
Paderne

Colaboran



ESTADO DE EMERXENCIA POR SECA

Debido á seca existente durante esta tempada, **PROHÍBESE** o uso da auga para usos que non sexan exclusivos para o consumo humano.

Así, **queda totalmente prohibido** o uso da auga para: riegos de xardíns, riegos de hortas, piscinas ou lavados de coches; no caso de non respectarse, o Concello verase obrigado a tomar as oportunas medidas para racionar o seu uso.

Aulas de conciliación

Para familias con menores de entre **3 e 12 anos** empadroados no Concello e nas que ambos proxenitores traballen.

Realizaranse entre o **1 de xullo e o 31 de agosto** en horario de **8:30 a 14:30 horas**.

Os menores poderán participar na actividade por semanas, segundo as necesidades familiares.